

TAREFA 3: "AUGA PARA A VIDA".



MESTRA: JENNY (Titora 5º EI)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

CONTEXTO: 4º, 5º e 6º de educación infantil

CURSO: 2020/2021

ÁMBITO NATURAL E SOCIAL INFANTIL

1. IDENTIFICACIÓN

TAREFA 3: "AUGA PARA A VIDA"

| | | | |
|--------|---------------------|---------|--------------------------|
| ETAPA | EDUCACIÓN INFANTIL | NIVEIS | 4º, 5º E 6º INFANTIL |
| ÁREA/S | ENFOQUE GLOBALIZADO | MESTRAS | JENNY, ANA, LUCÍA, BELÉN |

2. DESCRICIÓN DA TAREFA

O **PRODUTO FINAL RELEVANTE** é o Congreso dxs nenxs que imos celebrar no cole no mes de xuño. Traballaremos na realización de diferentes experimentos que despois o propio alumnado deberá expoñer no Congreso ao resto da comunidade educativa. Todos os experimentos gardarán relación cos ODS número 3 (Saúde e benestar) e número 6 (Auga e saneamento).

3. XUSTIFICACIÓN DA TAREFA

Esta tarefa atópase enmarcada no **Programa Escola Verde do Plan Proxecta**. Ademais, tamén se atopa xustificada polo feito de que a nivel de centro estamos a traballar nun obxectivo común: "Salvar ao Planeta" e traballaremos baixo un lema de acción: "Pensa globalmente, actúa localmente". Con isto o que se pretende é que o alumnado coñeza os diferentes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible ao longo de todas as tarefas dos distintos ámbitos de aprendizaxe (Natural e Social, Club de Letras, STEAM e CreaVisual) facendo diferentes actividades nas que lles permita interpretar os diferentes obxectivos e ver o seu sentido na vida real. Por exemplo, no Natural e Social, indagaremos sobre a importancia da potabilización da auga e das dificultades que hai noutros países para ter unha billa na casa. Observaremos como os xermes e microbios conviven entre nós e de que maneira podemos combatalos.

4. CONTEXTO

Aulas de 3 anos, 4 anos, 5 anos A e 5 anos B.

| 5. ACTIVIDADES | INDICADOR AVALIACIÓN 1 | INDICADOR AVALIACIÓN 2 | INDICADOR AVALIACIÓN 3 |
|---|--|---|---|
| <p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. O alumnado participará nunha charla informativa/expositiva protagonizada por un experto en potabilización de auga, Ramiro, quen forma parte do traballo na EGAP de Guillarei (depuradora da contorna).</p> | <p>Identifica normas básicas para a conservación do contorno.</p> | <p>Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.</p> | |
| <p>2. ANALIZAMOS AUGA? Sairemos cara diferentes zonas de Tui a recoller mostras de auga (río, fonte, estanque...) e facer un experimento para observar o proceso de filtración.</p> | <p>Adopta actitudes críticas ante prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do medio (vertido de ríos, corta de árbores...).</p> | <p>Identifica normas básicas para a conservación do contorno.</p> | <p>Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.</p> |
| <p>3. AUGA LIMPA EN TUI? Analizaremos</p> | <p>Adopta actitudes críticas ante</p> | <p>Identifica normas básicas para a</p> | <p>Busca explicacións sobre as causas e</p> |

| | | | |
|--|---|---|--|
| <p>as mostras recollidas chegando a conclusións sobre se a auga esta limpa en Tui ou non. Faremos uns experimentos sobre a importancia da auga nas nosas vidas para ter Saúde e Benestar (en concordancia co ODS 3).</p> | <p>prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do medio (vertido de ríos, corta de árbores...).</p> | <p>conservación do contorno.</p> | <p>as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.</p> |
| <p>4. SOMOS CIENTIFICXS. Repartimos o traballo e convertémonos en científicxs coas nosas batas e carnés para cando sexa o día do Congreso poder ensinar o aprendido ás nosas familias.</p> | <p>Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.</p> | <p>Identifica normas básicas para a conservación do contorno.</p> | |
| <p>ACTIVIDADES</p> | <p>PASO 1</p> | <p>PASO 2</p> | <p>PASO 3</p> |
| <p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. O alumnado participará nunha charla informativa/expositiva protagonizada por un experto en potabilización de</p> | <p>1.1. "CONGRESO ODS". Comezaremos cun círculo para explicar ao alumnado o obxectivo principal desta tarefa</p> | <p>1.2. CHARLA EXPERTO EN POTABILIZACIÓN DE AUGA NA BIBLIO. Acudirá ao centro RAMIRO, a persoa que traballa na</p> | <p>1.3. CÍRCULO. Ao regresar á aula falaremos sobre a importancia que ten a auga nas nosas vidas, pero... sabedes o difícil que é dispoñer de auga tan só</p> |

| | | | |
|--|--|---|---|
| <p>auga, Ramiro, quen forma parte do traballo na EGAP de Guillarei (depuradora da contorna).</p> | <p>do ámbito. Que imos facer? Convertiremonos en científicxs durante o Congreso para explicar ás familias a importancia da auga para a vida e para o planeta. Mostramos os carnés SOPORTE 1 que levaremos o día do Congreso e as batas de científicxs (levarei un carné, unha bata, a tarxeta para o xogo de aula sobre os ODS de Frieda cos obxectivos sostibles que imos traballar e unha copia do libro impreso). As persoas científicas teñen que investigar e polo tanto comezamos...</p> | <p>depuradora de Tui para motivar ao alumnado na investigación. Dará unha pequena charla e faremos un experimento (ensaio analítico no que se pode ver como se comproba a concentración de cloro que leva a auga, ademais proporcionaranos un breve cómic que levaremos á aula no que se explica o proceso da auga na depuradora: GLU GLÚ, UNHA GOTA DE AUGA.</p> | <p>con abrir a billa do grifo? SOPORTE 2 (MOSTRAMOS IMAXE DA NENA DE REPÚBLICA DOMINICANA) e visualizamos o seguinte video: https://www.youtube.com/watch?v=yMbfQu_6Vk&ab_channel=Justalegr%C3%ADaONGD COIDAMOS A AUGA EN TUI? ESTÁ LIMPA A AUGA DE TUI? COMO PODEMOS FACER QUE ESTEA LIMPA? <i>*LEVAREI O SOPORTE IMPRESO DO LIBRO DO SEGUINTE LINK CO CICLO DA AUGA:</i> https://www.educacionysostenibilidad.com/wp-content/uploads/2018/08/Cuaderno-ODS6-agua-limpia-y-saneamiento.pdf</p> |
|--|--|---|---|



| | | | |
|--|--|---|---|
| <p>2. ANALIZAMOS AUGA? Sairemos cara diferentes zonas de Tui a recoller mostras de auga (río, fonte, estanque...) e facer un experimento para observar o proceso de filtración.</p> | <p>2.1. SAÍDA PARA FACER A RECOLLIDA DE MOSTRAS DE AUGA POR TUI. Sairemos ata a zona da Alameda para recoller mostras de auga do río Miño e voltaremos á aula para analizala nós mesmxs e facer un experimento sobre a filtración de auga (será preciso que traian un recipiente da casa para facer a recollida).</p> | <p>2.2. "FILTRANDO AUGA" (EXPERIMENTO). <u>SOPORTE 3.</u> Faremos ver ao alumnado como podemos limpar a auga de Tui para que sexa potable, ao igual que fan na depuradora tal e como nos ensinou Ramiro. Utilizaremos dous recipientes por neno ou nena e unha corda ou cordón dun zapato vello.</p> | |
| <p>3. AUGA LIMPA EN TUI? Analizaremos as mostras recollidas chegando a conclusións sobre se a auga esta limpa en Tui ou non. Faremos uns experimentos sobre a importancia da auga nas nosas vidas para ter Saúde e Benestar (en concordancia co ODS 3).</p> | <p>3.1. "CÍRCULO". Falamos sobre o experimento doutro día e comentamos o acontecido (poderemos observar os vasos de auga limpa e remateremos o experimento botando as pingas de limón para terminar de</p> | <p>3.2 "Rutina de pensamento "Vexo, penso e pregúntome" a partir da lectura do conto "No chupes este libro" completamos a rutina de pensamento. Ao rematar responderán á pregunta en gran grupo: Que son os microbios ou</p> | <p>3.4. Experimentos: "Hai vida nas miñas mans?" Si miras as túas mans aínda que están limpas debes saber que hai millóns de seres vivos, microorganismos, na punta dos teus dedos. Queredes comprobar o importante que é lavar as mans?</p> |



| | | | |
|--|--|--|---|
| | <p>purificar a auga, xa que ata entón esa auga non estaría totalmente purificada e tería bacterias (microorganismos). Pero... que son as bacterias? Recollemos as ideas previas no círculo dando resposta a esta cuestión.</p> | <p>bacterias?</p> <p>3.3. "Búsqueda de información". Facilitaremos fotografías cos nomes de diferentes microorganismos que visualizarán en pequenos grupos de maneira rotativa. SOPORTE 4. Tamén poderán visualizar o libro da lectura e algún outro conto que aportaremos, así coma o cómic que nos trouxo Ramiro o experto da depuradora de Guillarei.</p> | <p>3.4.1. EXPERIMENTO DO PAN DE MOLDE. Comezaremos presentando os materiais do experimento e os pasos a seguir. BRAINSTORMING→ Apuntamos no encerado as HIPÓTESES previas: que vai a acontecer?</p> <p>3.4.2 EXPERIMENTO LUZ NEGRA. Dividiremos o grupo en dúas partes, unha parte lavará as mans con auga e xabón e a outra non. Mentres que lavan as mans os demais irán pintando as súas mans coa pintura blanca ultravioleta. Unha vez rematen, poñerémonos en parellas e cando digamos terán que dar un apretón de mans (coma se estivera saudando). Ao rematar colleremos as lanternas de luz negra para observar se os xermes e</p> |
|--|--|--|---|



| | | | |
|---|---|---|--|
| | | | bacterias "viaxaron" ás mans dxs outrxs. |
| <p>4. SOMOS CIENTIFICXS. Repartimos o traballo e convertémonos en científicxs coas nosas batas e carnés para cando sexa o día do Congreso poder ensinar o aprendido ás nosas familias.</p> | <p>4.1. Carnés científicxs. Cumprimentamos o noso carné unha vez que chegamos á última sesión do ámbito para telo preparado de cara ao Congreso que celebraremos no mes de xuño no cole. SOPORTE 1. +FOTOGRAFÍAS INDIVIDUAIS PARA PEGAR NO CARNÉ.</p> | <p>4.2. Científicxs en acción. Colocamos as batas e unha mesa simulando a maneira da que traballaremos no día do Congreso. Por equipos iremos facendo pequenos ensaios. Cada equipo se coloca cos seus membros para preparar os materiais (un equipo mostrará o experimento da filtración da auga co cordón, outro terá a pintura e a lanterna de luz negra para facer a mostra dos xermes nas mans e outro estará explicando o que acontece co pan de molde xa que levarán mostras do experimento xa realizado ao</p> | |



| | | | |
|--|--|--|--|
| | | <p>stand para facer as explicacións, e o último grupo presentará o experimento do plato coa pementa e o xabón). Os equipos para expoñer os experimentos no Congreso serán os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Equipo 1 : Auga limpa? • Equipo 2: Hai vida nas nosas mans? • Equipo 3: O alucinante súper poder do xabón • Equipo 4: Vida microscópica | |
|--|--|--|--|

| ACTIVIDADES | ESCENARIO | AGRUPAMENTO | RECURSOS DIDÁCTICOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| <p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. O alumnado participará nunha charla informativa/expositiva protagonizada por un experto en potabilización de auga, Ramiro, quen forma parte do traballo na EGAP de Guillarei (depuradora da contorna).</p> | <p>BIBLIOTECA 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p> | <p>GRAN GRUPO</p> | <p>Tarxetas Xogo ODS (relacionadas coa Auga limpa e saneamento), Panel Scrum, Libro Frieda e os ODS, Video "El mundo que queremos: Auga limpa e saneamento", Proxector e material impreso, carnés de científicxs en branco e unha bata de científicx.</p> | <p>MARTES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: DE 9:00 A 10:40</p> <p>AULA DE 5 ANOS B: DE 9:05 A 10:50</p> |
| <p>2. ANALIZAMOS AUGA? Sairemos cara diferentes zonas de Tui a recoller mostras de auga (río, fonte, estanque...) e facer un experimento para observar o proceso de filtración.</p> | <p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p> | <p>GRAN GRUPO E TRABALLO INDIVIDUAL</p> | <p>Panel Scrum, 2 recipientes por alumnx de plástico e con tapa, un cordón ou corda, auga de diferentes zonas de Tui.</p> | <p>XOVES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: MARTES 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: MARTES</p> |

| | | | | |
|--|--|---------------------------------------|--|---|
| | | | | <p>DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: MARTES DE 9:00 A 10:40</p> <p>AULA DE 5 ANOS B: MARTES DE 9:05 A 10:50</p> |
| <p>3. AUGA LIMPA EN TUI? Analizaremos as mostras recollidas chegando a conclusións sobre se a auga esta limpa en Tui ou non. Faremos uns experimentos sobre a importancia da auga nas nosas vidas para ter Saúde e Benestar (en concordancia co ODS 3).</p> | <p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p> | <p>GRAN GRUPO E PEQUENO GRUPO</p> | <p>Envases do experimento de filtración de auga para comentar o acontecido coa filtración de auga, panel Scrum, a corda ou cordón colocada entre os dous envases plásticos cheos de auga, libros e contos, tarxetas microbios, xel que brilla na escuridade, lanterna de luz negra, pan de molde, bolsas pequenas de plástico.</p> | <p>MARTES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: DE 9:00 A 10:40</p> <p>AULA DE 5 ANOS B: DE 9:05 A 10:50</p> |




| | | | | |
|---|--|-----------------------------------|---|--|
| <p>4. SOMOS CIENTIFICXS. Repartimos o traballo e convertémonos en científicxs coas nosas batas e carnés para cando sexa o día do Congreso poder ensinar o aprendido ás nosas familias.</p> | <p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p> | <p>GRAN GRUPO E PEQUENO GRUPO</p> | <p>Batas do Club de Ciencias do cole, carnés científicxs, lápis, xabón, pementa, auga, luz negra, xel para luz negra, recipientes plásticos, corda ou cordón, experimentos feitos do día anterior co pan de molde, cámara de fotos.</p> | <p>XOVES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: MARTES 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: MARTES DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: MARTES DE 9:00 A 10:40</p> <p>AULA DE 5 ANOS B: MARTES DE 9:05 A 10:50</p> |
|---|--|-----------------------------------|---|--|

6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO PARA CADA ALUMN@

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE | SEN DIFICULTADE | EN PROCESO | CON DIFICULTADE |
|---|-----------------|------------|-----------------|
| <ul style="list-style-type: none"> Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana. | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> Identifica normas básicas para a conservación do contorno. | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> Adopta actitudes críticas ante prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do medio (vertido de ríos, corta de árbores...). | | | |



SOPORTES



SOPORTE 1. Carnés científicxs



SOPORTE 2. "El mundo que queremos"



SOPORTE 3. Experimento Filtrando auga



SOPORTE 4. Tarxetas microorganismos